

Ser muller en prisión: unha mirada dende as profesionais.

Uxía Hadaly Romero Bouzas

Traballo gañador do 8º Concurso TFG.eduso na modalidade EDUCACIÓN SOCIAL ESCONDIDA.

Universidade da Coruña.

Traballo de Fin de Grao de Educación Social.

Curso académico 2020/2021.

Titora do traballo: Laura Cruz López

RESUMO DO TRABALLO

A teoría feminista serviu, entre outras moitas cousas, para poñer enriba da mesa a invisibilización que as mulleres sufrimos ao longo da nosa historia. Invisibilización que estivo presente ata non fai moito nas mulleres privadas de liberdade, e que se viu máis ou menos solucionada a nivel académico polas crecentes investigacións neste ámbito dende unha perspectiva de xénero. Porén, existe outro grupo de mulleres que, se ben non viven en prisión, pasan alí unha gran parte da súa vida e que seguen a ser ignoradas: as traballadoras, as profesionais, aquelas mulleres que coas súas accións traballan día a día pola inclusión das persoas privadas de liberdade.

Mediante unha análise bibliográfica e cinco entrevistas semiestruturadas, este traballo pretende ser un pequeno paso que permita arrincar da oscuridade a estas mulleres, recollendo as súas vivencias e experiencias, os seus obstáculos e dificultades aos que tiveron que facer fronte. Estes elementos servirán de eixo que vertebre e organice tódalas discriminacións que as mulleres sofren en prisión, independentemente do lado dos barrotes no que se sitúen. Porque ollar á prisión a través dunha mirada feminista significa, si ou si, darlles voz ás profesionais que nela traballan.